



PARA REMATAR



PON EN PRÁCTICA

- Deseguido, atoparás algúns textos que pertencen a catro das constitucións que tivo España en diferentes períodos do século XIX. Leas atentamente e contesta as preguntas que se formulan ao final da actividade.

1

«A Nación española, e no seu nome as Cortes Constituíntes elixidas por sufraxio universal, desexando alianzar a xustiza, a liberdade e a seguridade, e prover o ben de cantos vivan en España, decretan e sancionan a seguinte Constitución».

2

«Dona Isabel II, pola graza de Deus e a Constitución da monarquía española, raíña das Españas; a todos os que as presentes viren e entenderen, sabede: Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado os antigos foros e liberdades destes reinos, e a intervención que as súas Cortes tiveron en todos os tempos nos negocios graves da monarquía, modificando ao efecto a Constitución promulgada en 18 de xuño de 1837, viñemos, en unión e en acordo coas Cortes actualmente reunidas, en decretar e sancionar a seguinte Constitución da monarquía española».

3

«Don Afonso XII, pola graza de Deus rei constitucional de España. A todos os que as presentes viren e entenderen, sabede: Que en unión e de acordo coas Cortes do Reino actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da monarquía española».

4

«Don Fernando VII, pola graza de Deus e a Constitución da monarquía española, rei das Españas, e na súa ausencia e catividade a Rexencia do Reino, nomeada polas Cortes Xerais e Extraordinarias, a todos os que as presentes viren e entenderen, sabede: Que as mesmas Cortes decretaron e sancionaron a seguinte Constitución política da monarquía española».



– Relaciona cada parágrafo coa constitución á que consideres que pertence: 1812, 1845, 1869, 1876.

– En que grupo clasificarías cada unha delas: moderada, progresista ou democrática?

Parágrafo 1

Parágrafo 2

Parágrafo 3

Parágrafo 4

Constitución de 1812

Constitución de 1845

Constitución de 1869

Constitución de 1876